

Mércores, 25 de marzo de 2020

Núm. 58

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA TRIBUTARIA CONCELLO DE CANGAS
ESTADO DE ALARMA COVID-19, DEIXANDO SEN EFECTO PRAZOS DE COBRAMENTO
PADRÓNS FISCAIS APROBADOS*

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE CANGAS POLA SITUACIÓN DERIVADA DO ESTADO DE ALARMA COVID-19

A Alcaldía-Presidencia, mediante Resolución de data 19 de marzo de 2020,

RESOLVEU

Primeiro: Deixar sen efecto ata novo aviso o período de cobramento dos padróns fiscais aprobados e pendentes de cobramento a día de hoxe. En concreto o Padrón fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica 2020 cuxo período de cobramento estaba previsto entre o 8 de abril e o 8 de xuño e o Padrón fiscal da Taxa por Venda Ambulante 2º trimestre 2020 cuxo período de cobramento estaba previsto entre o 1 de abril e o 1 de xuño.

Segundo: Suspender ata novo aviso a emisión do cobro das remesas de taxas e prezos públicos por servizos, actividades ou ocupacións do espazo público que actualmente se atopan suspendidas, prohibidas ou afectadas pola situación derivada do Estado de Alarma COVID-19.

Terceiro: Dependendo da evolución das circunstancias e doutras medidas que sexan adoptadas polas autoridades competentes adoptaranse novas Resolucións sobre o levantamento das medidas adoptadas na presente Resolución e se fixarán os novos períodos de cobramento.

Cuarto: Esta Resolución notificarase colectivamente mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e a través de Edicto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cangas.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

